



B A N D O I N F O R M A T I V O

PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS ALUGUEIRO SOCIAL

O Concello de Rianxo subscribiu un acordo co Instituto Galego da Vivenda e do Solo (IGVS) para a súa adhesión ao convenio de colaboración entre este organismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) co fin de desenvolver o Programa de Vivendas Baleiras no ámbito do plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020

Co fin de dar cumprimento ao devandito acordo, o Concello de Rianxo pon en marcha unha bolsa de vivendas baleiras destinadas ao arrendamento a persoas ou unidades familiares con dificultades para acceder ao mercado libre de arrendamento (alugueiro social) cun prezo de aluguer fixado pola comisión Concello-IGVS, cuxo pagamento mensual estará garantido por póliza de seguro

Para incorporar as vivendas ao Programa han de reunir as seguintes condicións:

- A vivenda deberá estar desocupada no momento de incorporación
- A vivenda non deberá ser de protección oficial no momento de incorporación
- Debe estar dada de alta nos servizos básicos de auga e electricidade e estar ao día no pagamento do IBI (contribución)
- A vivenda reunirá as condicións mínimas de habitabilidade e idoneidade para o seu arrendamento
- A vivenda poderase arrendar con mobles ou sen eles, pero en todo caso contará con cociña equipada con mobiliario e electrodomésticos básicos, tamén con instalación de auga quente

Para maior información e para a inscrición deben poñerse en contacto coa Oficina de Rehabilitación (Rúa do Adro, 2)

Adolfo Muíños Sánchez
Alcalde-Presidente do Concello de Rianxo